

MANUAIS PARA O CUMPRIMENTO DA
CONDICIONALIDADE

BENESTAR ANIMAL NAS EXPLOTACIÓNS



XUNTA DE GALICIA

1.- O QUE VOSTEDE TEN QUE CUMPRIR

REQUISITO 1: Coidar os animais cun número suficiente de persoal con capacidade, coñecementos e competencia profesional suficiente.

REQUISITO 2: Inspeccionar como mínimo unha vez ao día aos animais cuxo benestar esixe unha atención frecuente.

REQUISITO 3: Tratar inmediatamente de forma axeitada, consultando ao veterinario se é preciso, a todo animal que pareza enfermo ou ferido.

REQUISITO 4: En caso necesario, dispor dun local para o illamento dos animais enfermos ou feridos, que conte con leito seco e cómodo.

REQUISITO 5: Ter un rexistro de tratamentos médicos e gardar este rexistro (ou as receitas que xustifican os tratamentos) durante 5 anos como mínimo.

REQUISITO 6: Rexistrar os animais atopados mortos en cada inspección, e manter este rexistro durante 3 anos como mínimo.

REQUISITO 7: Os materiais de construción cos que contactan os animais non deben causarlles prexuízo, e os animais deben manterse de forma que non sufran danos.

REQUISITO 8: As condicións ambientais dos edificios (a ventilación, o nivel de po, a temperatura, a humidade e a concentración de gases) non deben ser prexudiciais para os animais.

REQUISITO 9: Os animais non se deben manter en escuridade permanente, nin estar expostos á luz artificial sen unha interrupción axeitada. A iluminación debe satisfacer as necesidades naturais e de comportamento dos animais. Debe existir iluminación axeitada (fixa ou móbil) para poder inspeccionar os animais en calquera momento.

REQUISITO 10: Na medida que sexa necesario e posible, protexer o gando mantido ao aire libre contra as inclemencias do tempo, os animais depredadores e o risco de enfermidades.

REQUISITO 11: Inspeccionar polo menos unha vez ao día todos os equipos automáticos e mecánicos indispensables para a saúde e o benestar animal (alimentación, bebida, ventilación.)

BENESTAR ANIMAL NAS EXPLOTACIÓNS

REQUISITO 12: Cando a saúde e o benestar dos animais dependa dun sistema de ventilación artificial, debe existir un sistema de emerxencia apropiado, que garanta unha renovación de aire suficiente en caso de fallo do sistema.

REQUISITO 13: Cando exista ventilación artificial, debe existir un sistema de alarma para o caso de avaría deste, e é necesario verificar regularmente que o seu funcionamento é correcto.

REQUISITO 14: Os animais reciben unha alimentación sa, axeitada a súa idade e especie e en cantidade suficiente.

REQUISITO 15: Todos os animais deben ter acceso ao alimento e auga, en intervalos axeitados as súas necesidades, e debe subministrarse aos animais auga en cantidade e calidade suficiente e adecuada; ou ben os animais deben poder satisfacer as súas necesidades de líquido por outros medios.

REQUISITO 16: Os equipos de subministración de alimentos e auga son de materiais, deseño e distribución na explotación de xeito que se reduza a contaminación dos alimentos e a auga, así como a competencia entre os animais polo acceso a estes.

REQUISITO 17: Non se manterá ningún animal na explotación con fins gandeiros que leve consigo consecuencias prexudiciais para o seu benestar. Non se usarán procedementos de cría, naturais ou artificiais, que poidan ocasionar sufrimentos ou feridas a calquera dos animais. Os animais non terán limitada a capacidade de movemento, de maneira que se lles infrinxa sufrimento ou dano; e se por algunha causa xustificada hai algún animal atado, encadeado ou retido, continua ou regularmente, debe proporcionárselle espazo necesario para as súas necesidades naturais e de comportamento.

Normativa Comunitaria de referencia (segundo Regulamento (CE) 73/2009)

- **Directiva 98/58/CE** relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.
 - Artigo 4

Normativa Nacional de referencia (segundo o Real Decreto 486/2009)

- **Real Decreto 348/2000:** polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras.
- **Lei 32/2007:** para o coidado dos animais, na súa explotación, transporte, experimentación e sacrificio.

2.- PARA CUMPRIR ESTAS OBRIGAS, VOSTEDE DEBERÁ

1. Inspeccionar a todos os animais mantidos en criadeiros, nos que o seu benestar dependa da atención humana frecuentemente, unha vez ao día como mínimo.
2. Inspeccionar os animais criados ou mantidos noutros sistemas, a intervalos suficientes para evitarlles calquera sufrimento.
3. Levar un rexistro de tratamentos médicos, onde se indique o tipo de tratamento, a causa, a data de inicio, e a posoloxía. Este rexistro deberá ser gardado na explotación un mínimo de 5 anos dende o último tratamento anotado.
4. Non administrar aos animais substancias prexudiciais para a súa saúde e o benestar.
5. Levar un rexistro de animais mortos na explotación no que indique a data da morte e a causa, que se deberá gardar un mínimo de 3 anos. No seu caso, pódese utilizar como rexistro de animais mortos o propio libro de rexistro da explotación.
6. Non limitar a liberdade de movementos propia dos animais, cando lles poida causar sufrimento ou danos innecesarios. Deberá ter en conta a especie, a súa domesticación e experiencia produtiva.
7. Usar nas construcións da explotación materiais que se podan limpar e desinfectar con facilidade, con formas ou bordes que non produzan danos nos animais.
8. A luz, no caso de ser artificial, non poderá ser continua, tendo que respectar os ciclos naturais.
9. Os animais non deberán estar en situación de escuridade permanente.
10. No caso de que a luz natural sexa insuficiente para satisfacer as necesidades naturais e de comportamento dos animais, facilitar unha iluminación artificial axeitada.
11. Manter os niveis de circulación do aire, temperatura, humidade do aire, po e concentración de gases dentro de límites que non sexan prexudiciais para os animais.
12. Arranxar as deficiencias atopadas nos equipos automáticos ou mecánicos, de forma inmediata ou, se iso non fora posible, tomar as medidas axeitadas para protexer a saúde e o benestar dos animais.
13. Respectar as disposicións vixentes en materia de mutilacións.



3.- LEMBRE QUE:

No caso de que vostede non cumpra con algunha das obrigas da condicionalidade ou se non colaborara cos inspectores da Consellería do Medio Rural e do Mar, poden reducirse ou mesmo anularse as axudas da PAC que percibe.

INFORMACIÓN ADICIONAL

No caso de necesitar máis información respecto á condicionalidade, pode solicitala nas Oficinas Agrarias Comarcais ou nos Servizos Provinciais de Gandería da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Tamén dispón de información sobre a condicionalidade en http://www.medioruralemar.xunta.es/nc/es/fogga/politica_agraria_comun/condicionalidad/ ou na Oficina Agraria Virtual (<http://emediorural.xunta.es/oav>)

BENESTAR ANIMAL NAS EXPLOTACIÓNS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR